

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE XANEIRO DE 2009 POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓN DE DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO E DIRECTORES DE DEPARTAMENTO NOS CENTROS PROPIOS DA UDC**

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 20 de outubro de 2004, e modificado na súa sesión de 30 de outubro de 2008, e logo dos acordos da Comisión Electoral Central do día 16 de xaneiro de 2009 e do Consello de Goberno na sesión do 20 de xaneiro de 2009, esta Reitoría resolve convocar as eleccións de decanos e directores de centro e directores de departamento nos centros propios da UDC, segundo as bases que se achegan con este escrito.

A Coruña, 21 de xaneiro de 2009

O reitor  
José María Barja Pérez

### **I) COLEXIOS ELECTORAIS**

As xuntas de facultade e de escola de cada un dos centros, que se relacionan no anexo do Regulamento electoral, constituirán os colexios electorais para as eleccións de decanos de facultade e directores de escola. Así mesmo, os consellos de cada un dos departamentos, que se relacionan no anexo do Regulamento electoral, constituirán os colexios electorais para as eleccións a directores de departamento.

### **II) ELIXIBLES**

Son elixibles en cada colexio electoral os electores respectivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Nas eleccións de decano de facultade e director de escola, os membros da xunta do centro que sexan profesores e profesoras con vinculación permanente á Universidade adscritos/as ao respectivo centro que foren proclamados candidatos de forma definitiva.
- b) Nas eleccións de director de departamento, os membros do consello de departamento que sexan profesores doutores con vinculación permanente á Universidade que foren proclamados candidatos de forma definitiva.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderá ser elixible nas eleccións de director de departamento o profesorado non doutor con vinculación permanente, nos seguintes supostos:

1. Cando ningún membro do profesorado doutor con vinculación permanente for proclamado candidato.
2. Cando existindo candidatos profesores doutores con vinculación permanente, ningún deles obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de departamento. Neste suposto, os membros do profesorado non doutor con vinculación permanente así proclamados candidatos só poderán resultar elixidos directores de departamento cando obtiveren, en segunda volta, un número de votos superior ao acadado polo membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta. De non se dar este suposto, proclamarase director o candidato membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta.

### **III) ELECTORES**

Nas eleccións de decano e director de centro son electores todos os membros da xunta de centro que figuren no censo electoral.

Nas eleccións de director de departamento son electores todos os membros do consello de departamento que figuren no censo electoral.

### **IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

As candidaturas, dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no Rexistro do centro ou departamento correspondente, no Rexistro Xeral da UDC ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro) do día 5 (xoves) ao día 9 (luns) de febreiro de 2009, até as 14:00 h, de acordo co que dispón esta resolución e o Regulamento electoral xeral.

O escrito, asinado polo candidato, conterá os seguintes extremos:

- a) Nome e apelidos
- b) Número do documento oficial de identificación
- c) Centro e departamento a que está adscrito
- d) Sinatura

A proclamación provisional de candidatos será feita por cada un dos centros e departamentos. As reclamacións e recursos contra esta proclamación provisional, dirixidos ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse nos rexistros citados do día 12 (xoves) ao 13 de febreiro (venres) de 2009, até as 14 horas, e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. A proclamación definitiva de candidatos, de non existir reclamacións ou recursos ou unha vez resoltos, será

feita por cada un dos centros e departamentos tras recibir a comunicación da resolución pola Comisión Electoral Central.

## **V) MODO DE SE REALIZAR A SESIÓN PARA A ELECCIÓN**

- a)** O decano de facultade ou director de escola en funcións e o director de departamento en funcións deberá convocar os membros do órgano colexiado para realizar unha reunión extraordinaria para a elección de decano ou director de centro ou director de departamento, dentro dos prazos sinalados no calendario electoral.
- b)** Co fin de que todos os electores poidan exercer o dereito ao sufraxio, os decanos e directores de centro e os directores de departamento evitarán que a reunión dos consellos de departamento coincida coa da xunta do centro a que están adscritos. No caso de que un representante o sexa en máis dun órgano colexiado, os órganos afectados deben garantir o seu dereito de sufraxio fixando as reunións para as eleccións de maneira que non coincidan no tempo.
- c)** Nas eleccións de decano de facultade e director de escola emitirán o seu voto en cada centro os electores membros da xunta respectiva, reunida en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. A xunta será presidida polo decano ou director en funcións, agás que este se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente na xunta. O presidente concederá un espazo de quince minutos a cada candidato para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, noutros quince minutos, responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións procederá á votación que será nominal e secreta. Nesta sesión actuará como secretario o que o for do centro, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.
- d)** Nas eleccións de director de departamento emitirán o seu voto, no centro a que está adscrito o departamento, os electores membros do consello, reunidos en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. O consello será presidido polo director en funcións, agás que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente no consello. O presidente concederá un espazo de quince minutos a cada candidato para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, noutros quince minutos, responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións procederá á votación que será nominal e secreta. Nesta sesión actuará como secretario o que o for do departamento, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.

- e) As papeletas, que serán elaboradas polo centro ou polo departamento, conterán a relación de candidatos proclamados definitivamente, colocados por orde alfabética e un cadrado ao lado para marcar o voto a favor do candidato.

## **VI) PROCLAMACIÓN DA CANDIDATURA ELECTA**

- a) Nas eleccións de decano de facultade ou director de escola, será proclamado decano de facultade ou director de escola o candidato que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta. No caso de non haber ningún candidato que obteña a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido o candidato que obtiver un maior número de votos.
- b) Nas eleccións de director de departamento, será proclamado director do departamento o candidato que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros do consello. No caso de non haber ningún candidato que obteña a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación, en que resultará elixido o candidato que obtiver un maior número de votos. Esta votación producirase na mesma sesión do consello, salvo que resulte de aplicación o que establece o artigo 40.2 do Regulamento electoral xeral, en cuxo caso haberá de realizarse unha nova sesión extraordinaria do consello, logo da proclamación definitiva dos novos candidatos.
- c) A proclamación provisional de candidato electo será feita polo secretario da xunta ou do consello, co visto e prace do presidente, o mesmo día das eleccións, unha vez rematada a reunión, enviando copia desta por correo interno á Comisión Electoral Central. As reclamacións e recursos presentaranse nos Rexistros correspondentes nos dous días hábiles seguintes e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. Tras recibir a comunicación da resolución, o secretario da xunta ou do consello, co visto e prace do presidente, publicará a proclamación definitiva de candidatura electa, enviando copia desta por correo interno á Comisión Electoral Central.

## **VII) CALENDARIO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS DE DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO E DIRECTORES DE DEPARTAMENTO**

### **1. Convocatoria das eleccións por resolución reitoral (artigo 14)**

*21 de xaneiro de 2009 (mércores)*

### **2. Publicación do censo provisorio (artigo 5)**

*23 de xaneiro de 2009 (venres)*

### **3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisorio (artigo 6)**

Prazos de presentación: *do 23 de xaneiro (venres) ao 30 de xaneiro de 2009 (venres), até as 14:00 h*

Prazos de resolución: *do 2 de febreiro (luns) ao 3 de febreiro de 2009 (martes)*

### **4. Data de publicación do censo definitivo (artigo 6)**

*4 de febreiro de 2009 (mércores)*

### **5. Prazo de presentación de candidaturas (artigo 15)**

*Do 5 de febreiro (xoves) ao 9 de febreiro de 2009 (luns), até as 14:00 h*

### **6. Proclamación provisoria de candidaturas (artigo 16)**

*11 de febreiro de 2009 (mércores)*

### **7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas (artigo 16)**

Prazos de presentación: *do 12 de febreiro (xoves) ao 13 de febreiro de 2009 (venres), até as 14:00 h*

Prazos de resolución: *do 16 de febreiro (luns) ao 17 de febreiro de 2009 (martes)*

### **8. Proclamación definitiva de candidaturas (artigo 16)**

*O 17 de febreiro de 2009 (martes)*

### **9. Campaña electoral (artigo 17)**

*Do 18 de febreiro (mércores) ao 27 de febreiro de 2009 (venres)*

**10. Prazo en que fixar a data da votación: datas para realizar unha sesión extraordinaria da xunta de centro e do consello de departamento**

*Do 2 de marzo (luns) ao 6 de marzo de 2009 (venres)*

**11. Data de proclamación provisoria de candidaturas electas**

*O mesmo día das eleccións ao remate da sesión*

**12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas electas**

*Prazos de presentación: nos tres días hábiles seguintes ao das eleccións, até as 14 h do derradeiro día do prazo*

*Prazos de resolución: nos tres días hábiles seguintes ao da finalización do prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación*

**13. Data da proclamación definitiva de candidaturas electas**

*No día hábil seguinte ao do remate do prazo de resolución de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional de candidatos electos*

## **ANEXO. RELACIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS AFECTADOS POLAS ELECCIÓN**

### **610 Facultade de Ciencias**

101 Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía

122 Química Analítica

153 Química Fundamental

154 Química Física e Enxeñaría Química I

### **611 Facultade de CC. Económicas e Empresariais**

109 Economía Financeira e Contabilidade

134 Análise Económica e Administración de Empresas

137 Economía Aplicada II

### **612 Facultade de Dereito**

107 Dereito Privado

131 Dereito Público Especial

### **613 Facultade de Filoloxía**

111 Filoloxía Española e Latina

113 Filoloxía Inglesa

155 Galego-Portugués, Francés e Lingüística

### **614 Facultade de Informática**

103 Computación

110 Electrónica e Sistemas

152      Tecnoloxía da Información e as Comunicacóns

**Departamento da Facultade de Socioloxía**

127      Socioloxía e Ciencia Política e da Administración

**616 Facultade de Ciencias da Comunicación**

**620 Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física**

200      Educación Física e Deportiva

**630 ETS de Arquitectura**

104      Construcións Arquitectónicas

120      Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo

124      Representación e Teoría Arquitectónica

125      Tecnoloxía da Construción

135      Composición

**631 ETS de Náutica e Máquinas**

149      Ciencias da Navegación e da Terra

151      Enerxía e Propulsión Mariña

**632 ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos**

139      Métodos Matemáticos e de Representación

**650 EU de Estudos Empresariais**

**651 EU de Fisioterapia**

145      Fisioterapia

**652 Facultade de CC. da Educación**



114 Filosofía e Métodos de Investigación en Educación  
119 Pedagogía e Didáctica

121 Psicoloxía

126 Didácticas Específicas

128 Psicoloxía Evolutiva e da Educación

**653 Facultade de CC. da Saúde**

144 Medicina

**670 EU de Arquitectura Técnica**

136 Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica

**710 Facultade de Humanidades**

143 Humanidades

**730 Escola Politécnica Superior**

147 Enxeñaría Naval e Oceánica

148 Enxeñaría Industrial II

**750 EU de Enfermaría e Podoloxía**

146 Ciencias da Saúde

**760 EU de Relacións Laborais**

**770 EU Politécnica**

105 Construcións Navais

117 Enxeñaría Industrial

**771 EU de Deseño Industrial**

## **RELACIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS ONDE NON SE CELEBRAN ELECCIÓN**

### **CENTROS:**

- Facultade de Socioloxía

### **DATA DE ELECCIÓN**

25 de outubro de 2005

### **DEPARTAMENTOS:**

- Dereito Público
- Bioloxía Celular e Molecular
- Economía Aplicada I
- Física
- Matemáticas

25 de outubro de 2005

13 de xaneiro de 2006

26 de xaneiro de 2007

25 de xuño de 2007

08 de outubro de 2008